



Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: P-1501200-H

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

## **ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO**

**Lugar:** Casa do Concello

**Día:** 4 de maio de 2017

**Hora de comezo:** 14.15 h

**Hora de remate:** 14.45 h

### **ASISTENTES:**

Don Manuel Fernández Munín  
Dona M<sup>a</sup> Carmen Botana Cebeiro  
Don Antonio González Barral  
Don Jesús Sanjuás Mera

### **AUSENTES:**

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria –interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DIA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Requirimento de limpeza de maleza de leira no lugar de A Igrexa-Pousada**
- 3. Renovación tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade**
- 4. Solicitudes bonificación na tarxeta transporte metropolitano social da área de Santiago de Compostela**
- 5. Arquivo reclamación débeda SAF**
- 6. Aprobación padrón fiscal subministro de auga e saneamento, primeiro trimestre 2017**
- 7. Renovación de autorizacións da feira - mercado de Lestedo**
- 8. Aprobación bases para a contratación de 4 operarios de servizos múltiples, durante cinco meses, “programa de integración laboral” da Deputación Provincial da Coruña, ano 2017**
- 9. Dar conta do Decreto da Alcaldía de 27 de abril do 2017**
- 10. Xustificación da subvención técnico deportivo , ano 2016**
- 11. Aprobación de facturas**

12. Inicio da contratación do servizo de asistencia técnico-xurídica
13. Finalización expediente servizo de axuda no fogar e inicio nova contratación do servizo do servizo de axuda no fogar
14. Aprobación convenio de colaboración entre os concellos de Boqueixón, Vedra e Vila de Cruces para a realización de proxectos en conxunto
15. Rogos e preguntas

## **DELIBERACIÓNS**

### **1. Aprobación da acta anterior**

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 20 de abril do 2017.

### **2. Requirimento de limpeza de maleza de leira no lugar de A Igrexa-Pousada**

#### Antecedentes

Con data 19 de abril do 2017, número de rexistro de entrada 766/2017, dona Sandra xxxxx, con domicilio en A Igrexa – Pousada, xxxxx Boqueixón, presenta escrito sinalando que preto da súa vivenda existe unha leira con abundante maleza e que supón un perigo de incendio.

Sinala que a leira é a número 358, polígono 514 e propiedade dos do “Perito” de Codeso. Solicita a limpeza da leira ata que se respecten as distancias establecida na normativa de prevención de riscos forestais, lei 3/2007 do 9 de abril (50 metros).

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, a titularidade da leira con abundante maleza, figurando como titular da leira número 358, polígono 514, don Enrique xxxxx, herdeiros de don José Antonio xxxxx e herdeiros de dona María Ángeles xxxxx.

Según informe do técnico municipal de data 27 de abril do 2017, sinálase que *“feita inspección técnica no lugar de A Igrexa – Pousada, compróbase que preto da vivenda de dona Sandra xxxxx, existe unha leira con abundante maleza e a menos de 50 metros da citada vivenda.*

*Dita leira ten o número 358, polígono 514, “Zanca do Perito”.*

*Existe risco de incendio.*

*Non se respecta polo tanto o establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.*

#### Consideracións xurídicas:

1. O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

2. O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmoables a:

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

-O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte**, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

**Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, acacias, eucaliptos...)** As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

A disposición transitoria décima, apartado 3) Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia sinala que **en canto ás demais especies arbóreas**, (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) **como os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I**, deberán gardar unha distancia de 10 metros ata o 17 de agosto de 2014. A partires desta data esta **distancia terá que adecuarse aos 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural )**.

O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

**1.** Requirir os propietarios da leira número 358, polígono 514 , don Enrique xxxxx, herdeiros de don José Antonio xxxxx e herdeiros de dona María Ángeles xxxxx, para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza, ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais respecto da vivenda de dona Sandra xxxxx.

2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.

4. Dar trámite de audiencia ós citados propietarios para que en prazo de 10 días hábiles formule alegacións ou presenten documentación oportuna.

### **3. Renovación tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade**

Acordo de renovación tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade.

### **4. Solicitudes bonificación na tarxeta transporte metropolitano social da área de Santiago de Compostela**

Con data 28/04/2017 e número de rexistro de entrada 2017/878, foi presentada a solicitude e documentación, para a inclusión no programa de axudas para o transporte público da área metropolitana de Santiago de Compostela, a nome de Inés xxxxx, titular da tarxeta de transporte metropolitano número: 9870200102614165.

Por isto, e logo de reunir os requisitos establecidos na ordenanza reguladora municipal, (publicada no BOP N° 128 do 06/07/2012) proponse a inclusión no programa de axudas para o transporte público da área metropolitana de Santiago de Compostela, neste caso, para solicitantes en situación de discapacidade, a que ten dereito.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

- A inclusión no programa de axudas para o transporte público da área metropolitana de Santiago de Compostela, para solicitantes en situación de discapacidade, solicitada por dona Inés xxxxx, con DNI xxxxx, veciña do lugar de xxxxx, parroquia de Sergude, titular da tarxeta de transporte metropolitano número: 9870200102614165.
- O aboamento das axudas canalizadas a través da TMG Social faranse efectivas no momento de efectuar a recarga da tarxeta por parte do seu titular, ou actualizando a tarxeta nos ATM bancarios autorizados, a partir do mes seguinte ao da realización dos consumos, mediante compensación do cincuenta por cento do importe de ata un máximo de vinte viaxes realizados no mes anterior, e así sucesivamente. Estas compensacións serán acumulables por un período máximo de dous meses, entendéndose desistidas si neste prazo non se solicitaran.
- Transcorridos 12 meses dende a data de concesión, o concello poderá dar de baixa aquelas tarxetas cuxos titulares non houberan renovado a documentación acreditativa da permanencia das circunstancias que motivaron a súa concesión. Estes beneficios suspendidos por esta causa, serán repostos de inmediato a partir do momento en que se acredite o dereito efectivo aos mesmos.
- Notificar este acordo ao interesado/a.

**B)** Con data 28/04/2017 e número de rexistro de entrada 2017/881, foi presentada a solicitude e documentación, para a inclusión no programa de axudas para o transporte

público da área metropolitana de Santiago de Compostela, a nome de Soledad xxxxx, titular da tarxeta de transporte metropolitano número 9870200103169250.

Por isto, e logo de reunir os requisitos establecidos na ordenanza reguladora municipal, (publicada no BOP N° 128 do 06/07/2012) propónse a inclusión no programa de axudas para o transporte público da área metropolitana de Santiago de Compostela, neste caso, para solicitantes en situación de discapacidade, a que ten dereito.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

- A inclusión no programa de axudas para o transporte público da área metropolitana de Santiago de Compostela, para solicitantes en situación de discapacidade, solicitada por dona Soledad xxxxx, con DNI xxxxx, veciña do lugar de xxxxx parroquia de Sergude, titular da tarxeta de transporte metropolitano número: 9870200103169250.
- O aboamento das axudas canalizadas a través da TMG Social faranse efectivas no momento de efectuar a recarga da tarxeta por parte do seu titular, ou actualizando a tarxeta nos ATM bancarios autorizados, a partir do mes seguinte ao da realización dos consumos, mediante compensación do cincuenta por cento do importe de ata un máximo de vinte viaxes realizados no mes anterior, e así sucesivamente. Estas compensacións serán acumulables por un período máximo de dous meses, entendéndose desistidas si neste prazo non se solicitaran.
- Transcorridos 12 meses dende a data de concesión, o concello poderá dar de baixa aquelas tarxetas cuxos titulares non houberan renovado a documentación acreditativa da permanencia das circunstancias que motivaron a súa concesión. Estes beneficios suspendidos por esta causa, serán repostos de inmediato a partir do momento en que se acredite o dereito efectivo aos mesmos.
- Notificar este acordo á interesada.

## **5. Arquivo reclamación débeda SAF**

Acordo de arquivo reclamación débeda SAF.

## **6. Aprobación padrón fiscal subministro de auga e saneamento, primeiro trimestre 2017**

A empresa Espina y Delfín, adxudicataria do servizo de saneamento e o concello de Boqueixón xestor do servizo de abastecemento de auga, fixeron entrega dos padróns para a correspondente aprobación por parte desta entidade, tal e como se transcribe no correspondente prego de cláusula que rexe a contratación do servizo de saneamento e según a ordenanza municipal de abastecemento.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

- Aprobar os padróns de abastecemento de auga e saneamento que no primeiro trimestre do ano 2017 teñen os seguintes aboados:  
Servizo de abastecemento de auga : 1.049  
Servizo de saneamento: 1.380

- Expoñer ó público para que se poidan realizar as correspondentes alegacións e publicalo no BOP

## 7. Renovación de autorizacións da feira - mercado de Lestedo

Tal como recolle o artigo 17 da Ordenanza reguladora da expedición do carné para a venda nos mercados - feiras de Boqueixón, a validez das autorizacións outorgadas para a venda é por un tempo determinado, fixado en cinco anos prorrogables.

Os/as autorizados/as que a continuación se citan, véncelles o prazo de validez da súa autorización:

POSTO	TITULAR AUTORIZADO
1	M. B. T.
2	C. P. O.
3	A. R. da S.
5	L. M. Ll. E.
6	J. I. M.
10	J. M <sup>a</sup> S. C.
11	S. M. C.
12	B. A. B.
14	F. D.
15	R. P. R.
16	A. R. P.
17	D. R. L.
18	D. V. F.
19	A. F.
20	C. L. L.
21	J. S. M.
23	M <sup>a</sup> D. M. C.
24	S. M. D.
25	J. F. da S. A.
26	D. D. C.
27A	A. M. S.
27B	M <sup>a</sup> C. C. V
28	M. B. G.
29	A. C. J.
30	M <sup>a</sup> E. R. R.
31	V. L. B.
32	A. V. Á.
33	J. R. P.
34	J. M. M. P.
35	M <sup>a</sup> C. S. D.
36	M <sup>a</sup> D. R. M.
37	M <sup>a</sup> R. S. S.

38	M <sup>a</sup> T. S. G.
39	J. M. P. P.
40	J. P. O.
42	M. F. D.
43	F. L. V.
44	M <sup>a</sup> de las M. B. d. R.
48	M. S. P. y otros, SC
49	J. M. A. F.
51	M. da S. R.
53	E. C. A. F.
54	D. T. C.
55	R. B. D.
56	F. J. P. C.
57	L. F. P. S.
58	J. R. R. M.
60	A. M <sup>a</sup> F. T.
61	J. J. J.
62	J. G. P.
63	E. J. G.
64	M. G. N.
65	S. F. A.
71	R. A.
76	M <sup>a</sup> del P. G. M.

Polo que deben renova-la presentando a documentación correspondente recollida no artigo 15 da citada Orde:

1. DNI/NIE do titular e dos suplentes
2. Fotografía recente, tamaño carné, do titular e dos suplentes
3. Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social
4. Alta no correspondente epígrafe do imposto de actividades económicas
5. Cumprir os requisitos das regulamentacións técnico - sanitarias e de seguranza de cada tipo de produto
6. Estar en posesión, de ser o caso, do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos
7. Dispoñer dos permisos de residencia e de traballo que, en cada caso, sexan exixibles, de ser tratar de persoas estranxeiras
8. As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o CIF, a acta de constitución, os estatutos e a escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa
9. Seguro de responsabilidade civil
10. No caso de estar inscrito no Rexistro Galego de Comercio, achegarse a tarxeta expedida por dito organismo, neste caso non será preciso aportar a documentación requirida nos apartados 4, 5, 7, 8 e 9.
11. Para a venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda ou que inclúa mercadorías perecedoiras, deberán cumprir ademais os seguintes requisitos, en relación co vehículo:

- Certificado ATP en vigor
- Documentación do vehículo coa indicación da clasificación e ITV en vigor
- Acta de inspección sanitaria

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Abrir o prazo de 1 mes contado a partir do día seguinte ó de recepción desta notificación para a presentación do impreso de renovación da autorización e da documentación pertinente que no citado impreso se indica, no rexistro xeral do Concello de Boqueixón, de luns a venres de 09:00h. a 14:30h.

2.- Comunicar este acordo ós feirantes arriba citados.

### **8. Aprobación bases para a contratación de 4 operarios de servizos múltiples, durante cinco meses, “programa de integración laboral” da Deputación Provincial da Coruña, ano 2017**

No BOP nº 243 con data do 26 de decembro de 2016, a Deputación da Coruña publicou a resolución número 2016/31551 pola que aproban as bases reguladoras do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes para a anualidade 2017.

Atendendo á Resolución da Deputación da Coruña, publicada no BOP nº 63, do 29 de marzo de 2017, pola que se aproba o Programa de Integración Laboral (PEL-Concellos) mediante a execución de obras e servizos mínimos dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes durante o exercicio 2017, aprobouse unha subvención por importe de 26.764,48 euros destinada á contratación de persoal (4 operarios de servizos múltiples) do programa denominado “Programa de Integración laboral”, cunha xornada do 80% durante 5 meses. Código de expediente: 2017000002117.

Este importe inclúe os custes salariais, seguridade social e as indemnizacións por fin de contrato.

O Concello de Boqueixón asumirá os custes correspondentes: á roupa de traballo na que figure que o proxecto é subvencionado pola Deputación e á formación prevista en materia de prevención de riscos laborais pola lexislación laboral vixente.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1º Aprobar as bases para a contratación de persoal que cubra os postos de 4 operarios de servizos múltiples, por un período de 5 meses, cunha xornada laboral do 80%. Modalidade contractual de obra ou servizo determinado.

**BASES PARA A CONTRATACIÓN DE 4 OPERARIOS DE SERVIZOS MÚLTIPLES PARA 5 MESES DO “PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL” DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O ANO 2017:**

**BASE PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**



As tarefas a realizar polos 4 operarios de servizos múltiples para 5 meses son os seguintes:

- Recollida de lixo nos 105 lugares do municipio.
- Limpeza e roza en áreas recreativas (Ledesma, Gastar, entorno Capela de San Paio, Sucira, etc) e nos accesos ós núcleos de poboación.
- Limpeza viaria de beirarrúas e prazas públicas por medios manuais e varredora nas 14 parroquias do concello.
- Pequenas reparacións e mantemento de edificios municipais.

A retribución do salario mensual bruto incluída a parte proporcional das pagas extras do traballador será de 949,82 euros/mensuais de acordo a unha xornada laboral do 80%, e axustada ás necesidades do servizo

#### BASE SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

a) Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do EBEP.

b) Idade: ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión do **permiso de conducir tipo B**.

d) **Habilitación:** non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ó emprego público. (Achégase declaración xurada a cubrir polo aspirante que deberá presentar no momento de solicitude de participación no proceso selectivo).

e) Estar inscrito no Servizo Público de Emprego como desempregado e estar inscrito na ocupación de peón de obras públicas en xeral, identificado co código do 96011029

f) Segundo o apartado 3 das bases de convocatoria do Programa de Integración Laboral estipula que as persoas a contratar no programa deberán estar incluídas en situación de exclusión laboral. Estas situacións son as seguintes:

- mulleres.
- maiores de 45 anos
- persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida unha discapacidade en un grado igual ou superior ó 33%.
- persoas desfavorecidas que estean en algunha destas situación: drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña traballo, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental, persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- parados de longa duración: Ós efectos deste programa, considéranse parados de longa duración aquelas persoas que leven máis de 2 anos como demandantes de emprego.
- persoas vítimas de violencia de xénero.

Os/as aspirantes presentarán no prazo máximo de 3 días a contar desde a data de realización das probas a documentación acreditativa da súa situación de exclusión social, mediante documento orixinal ou copia compulsada nas dependencias municipais. De non acreditarse adecuadamente, o candidato non poderá ser baremado. **A non presentación de documentación supón a renuncia do/a aspirante da participación no proceso selectivo.**

Tal e como indica, na resolución 2016/31551 pola que se aproban as bases reguladoras do programa de integración laboral, anualidade 2017, a documentación acreditativa da situación de exclusión laboral de cada persoa traballadora desempregada, é a seguinte:

Mulleres e persoas maiores de 45 anos	Fotocopia compulsada DNI.
Persoas desempregadas de longa duración.	Informe de vida laboral actualizado da Tesourería Xeral da Seguridade Social.
Persoas con discapacidade.	Fotocopia compulsada do certificado de minusvalía expedido polo órgano competente.
Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, persoas con fogar no que ningún dos seus membros teña emprego, fogar monoparental/monomarental ou persoas sen fogar, vítimas de violencia de xénero.	Informe da traballadora social do municipio. Que o expedirá á petición do candidato/a interesado/a

#### BASE TERCEIRA.- REQUISITOS PARA A SELECCIÓN E DATAS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS

Os/as aspirantes estarán preseleccionados pola oficina pública de emprego de Santiago Norte, que remitirá candidatos/os previa oferta presentada por esta entidade requirindo candidatos/as na ocupación de peóns de obras públicas, en xeral. Código **96011029**.

Datas para a realización das probas.- Os/as candidatos/s deberán presentarse, na data e hora que a oficina pública de emprego requira (ben por carta ou por calquera outro medio de comunicación que a oficina de emprego acorde) nas dependencias municipais da casa do concello de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña) co DNI.

Os/as candidatos/as deberán realizar unha proba escrita e outra práctica para optar ás prazas. Para a preparación da proba escrita os candidatos/as poderán solicitar nas dependencias municipais da casa do concello unha copia do temario.

Para realizar a selección presentase oferta no servizo público de emprego de Santiago Norte para que remitan candidatos/as desempregados/as inscritos/as no Servizo público de Emprego e pertencerán a algún dos seguintes colectivos:

- mulleres
- maiores de 45 anos
- persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida unha discapacidade en un grado igual ou superior ó 33%.
- persoas desfavorecidas que estean en algunha destas situación: drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña traballo, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental, persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- parados de longa duración: Ós efectos deste programa, considéranse parados de longa duración aquelas persoas que leven máis de 2 anos como demandantes de emprego.
- persoas vítimas de violencia de xénero.

Os/as candidatos/as participaran nun proceso selectivo con realización de **proba escrita e práctica, baremación da condición dos colectivos** anteriormente enumerado, e **baremación de méritos**.

#### BASE CUARTA.- COMISIÓN SELECCIONADORA.

- A comisión seleccionadora será nomeada por alcaldía e estará composto por 5 membros titulares e suplentes: un presidente, 3 vogais, e un secretario. De conformidade co establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, reguladora do Estatuto Básico do Empregado Público, o tribunal cualificador das probas selectivas será nomeado por resolución de alcaldía, velando na súa composición polo cumprimento dos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, tendo así mesmo na súa composición a paridade entre muller e home, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o persoal laboral temporal ou eventual, ademais a pertenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ninguén.

O nomeamento dos membros da comisión seleccionadora farase por resolución de alcaldía. Dita resolución publicarase no taboleiro de edictos do concello de Boqueixón.

Para a válida constitución do comisión seleccionadora, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza do presidente e do secretario ou de quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros titulares ou suplentes. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do presidente da comisión seleccionadora.

A comisión seleccionadora resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde das mesmas en todo o non previsto nas bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas. O Tribunal continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións expostas ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

Os membros da comisión seleccionadora deberán absterse de formar parte do mesmo cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de conformidade co art. 13.4 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, debendo notificalo á presidencia, en caso contrario poderán ser recusados polos/as aspirantes se concorre algunha daquelas circunstancias.

#### BASE QUINTA.- PROCESO DE SELECCIÓN.

A Comisión seleccionadora realizará:

Proba escrita	6 puntos
Proba práctica	6 puntos
Baremación colectivos	6 puntos
Baremación méritos	1 puntos
Puntuación máxima a acadar	19 puntos

**PROBA ESCRITA: Máximo de 6 puntos**

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test relacionadas co posto ofertado e cos temas relacionados no anexo I. Para a preparación da proba escrita os candidatos/as poderán solicitar nas dependencias municipais da Casa do Concello unha copia do temario.

A comisión seleccionadora cualificará este segundo exercicio entre 0 e 6 puntos. E para superalo terá que acadarse unha puntuación mínima de 3. Este exercicio **terá carácter obrigatorio e será eliminatorio**. Sen embargo, se non acadase pola puntuación como mínimo un número de candidatos igual ó dos postos a contratar a comisión seleccionadora poderá baixar a nota de corte o que considere axeitado para garantir que se cubran os postos obxecto de selección). Está proba está dirixida a determinar os coñecementos dos aspirantes sobre a profesión. O exame tipo test terá unha resposta correcta por pregunta. (Os erros non puntúan negativo).

As preguntas desta proba serán o suficientemente claras e obxectivas como para permitir a corrección rigorosa a todos os membros do tribunal.

A duración da proba escrita a decidirá a comisión seleccionadora.

**PROBA PRÁCTICA: Máximo de 6 puntos**

A comisión seleccionadora cualificará este segundo exercicio entre 0 e 6 puntos. E para superalo terá que acadarse unha puntuación mínima de 3. Ten carácter obrigatorio e será eliminatorio. Sen embargo, se non acadase pola puntuación como mínimo un número de candidatos igual ó dos postos a contratar a comisión seleccionadora poderá baixar a nota de corte o que considere axeitado para garantir que se cubran os postos obxecto de selección).

Consistirá nunha ou varias probas de carácter práctico acordada/s pola comisión seleccionadora antes da realización das mesmas, determinando tamén o tempo de realización da proba/s.

Estarán relacionadas coas tarefas que o posto require, é dicir, manexo do equipo de traballo, demostración das destrezas coa desbrozadora de man, coa motoserra e cortasetos, etc

**BAREMACIÓN DAS SITUACIÓNS DE EXCLUSIÓN LABORAL :**

Valorarase cada un deles a razón de 1 punto, podendo ser acumulativos. Sendo o máximo a acadar neste apartado 6 puntos. Os/as candidatos/as deberán acreditar documentalmente estas situacións.

Colectivo	Puntuación
- mulleres.	1
- maiores de 45 anos cumpridos.	1
- persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida unha discapacidade en un grado igual ou superior ó 33%.	1
- persoas desfavorecidas que estean en algunha destas situación: drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña traballo, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental, persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.	1
- parados de longa duración: - parados de longa duración: Ós efectos deste programa, considéranse parados de longa duración aquelas persoas que leven máis de 2 anos como demandantes de emprego.	1
- persoas vítimas de violencia de xénero.	1

Os/as aspirantes presentarán no prazo máximo de 3 días a contar desde a data de realización das probas a documentación acreditativa da súa situación de exclusión social, mediante documento orixinal ou copia compulsada nas dependencias municipais. De non

acreditarse adecuadamente, o candidato non poderá ser baremado. **A non presentación de documentación supón a renuncia do/a aspirante na participación no proceso selectivo.**

#### BAREMACIÓN DE MÉRITOS:

Tal e como se indica na resolución 2016/31551 pola que se aproban as bases reguladoras do programa de integración laboral, anualidade 2017, no proceso selectivo valorarase como mérito ter finalizado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas. Polo tanto, valorarase con 1 punto ter finalizado favorablemente un programa.

**Sendo ó máximo a acadar ente apartado 1 punto.**

Para isto os/as candidatos/as deberán acreditar documentalmente os méritos, mediante copia compulsada ou documento orixinal no prazo máximo de 3 días, a contar dende o mesmo día en que se realicen as probas, nas dependencias municipais. De non acreditarse adecuadamente non se procederá baremar este apartado.

#### BASE SEXTA. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

No caso de probas individuais, a orde de participación no proceso selectivo dos aspirantes iniciarase pola orde alfabética dos seus apelidos e nomes.

Das sesións que celebre a comisión seleccionadora o/a secretario/a da comisión seleccionadora, levantará acta onde se farán constar as cualificacións dos exercicios dos aspirantes e das incidencias e votacións que se produzan. A acta/s numeradas e rubricadas, constituirán o expediente das probas selectivas. Xuntamente coa acta, uniranse ó expediente as follas dos exames ou exercicios realizados polos aspirantes, e a documentación acreditativa da situación de colectivo específico.

#### BASE SÉTIMA. SUPERACIÓN DO PROCESO SELECTIVO

- Superarán o proceso selectivo aqueles aspirantes que tendo acredita a súa situación de exclusión laboral e estando en desemprego na data de inicio do proceso selectivo, e ordenados segundo a puntuación global acadada, lle corresponda un número de orde igual ou inferior ó número de prazas convocadas.

- Para a obtención da puntuación global o tribunal sumará as puntuacións de ambas fases.

- No caso de empate a orde establecerase atendendo sucesivamente ós seguintes criterios:

a) Maior puntuación acadada na baremación do colectivo.

b) Maior puntuación acadada no apartado de méritos

c) Maior puntuación obtida en cada un dos exercicios da fase proba práctica por orde en que se teñan realizado.

d) Maior puntuación obtida na proba teórica

- En ningún caso a Comisión seleccionadora poderá declarar que teñen superado o proceso selectivo, e por tanto, aprobado maior número de aspirantes que o número de prazas convocadas.

- A Comisión seleccionadora queda facultada para determinar o nivel mínimo esixido para a obtención das cualificacións de conformidade co sistema de valoración que acorde en cada exercicio.

#### BASE OITAVA- LISTA DE APROBADOS E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

Terminada a cualificación de todo o proceso selectivo, a comisión seleccionadora publicará no Taboleiro de edictos da corporación e na páxina web municipal a relación de aspirantes aprobados, que estean en situación de exclusión laboral e que estean en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo pola orde de puntuación, formulando proposta de contratación a favor dos 4 aspirantes que figuren con maior puntuación, constituíndo o resto de aspirantes aprobados lista de reserva.

Dita lista de reserva será exclusivamente á efectos de cobertura de renuncias, de baixas, ou a non acreditación (documento orixinal ou copia compulsada) por parte dos/as candidatos/as nomeados para o posto da condición de colectivo específico recollido na Base segunda, en relación coa contratación vinculada ó procedemento obxecto destas bases, non outorgando ós integrantes da lista de reserva dereito algún en relación á outros procesos de contratación.

Abrirase un prazo para a presentación das alegacións ós resultados acadados que se indicará cando se publique o listado das puntuacións finais. De non presentarse elevarase a definitivo a lista que se publicará na páxina Web do Concello e no taboleiro de edictos.

Unha vez rematado o proceso de selección, a proposta do tribunal será elevada ó alcalde para que formule a contratación das persoas que obteñan a maior puntuación, en número que non supere a das prazas obxecto da convocatoria.

Cando a comisión seleccionadora non poida efectuar proposta de nomeamento por non ter concorrido os aspirantes ou por non ter acadado a puntuación esixida para superar as probas selectivas, elevará proposta á alcaldía de que se declare deserta.

A formalización do contrato realizarase conforme ó previsto na lexislación vixente.

#### BASE DÉCIMA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATOS.

A presente convocatoria nas súas bases e cantos actos administrativos se deriven da mesma e das actuacións da Comisión seleccionadora, poderán ser impugnadas polos/as interesados/as nos casos e nas normas establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas

Sen prexuízo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento da selección fiscalizables ante a xurisdición contencioso – administrativo, o réxime xurídico dos contratos será o da lexislación laboral, correspondendo ós xulgados do social o coñecemento das cuestións que se deriven do incumprimento dos mesmos.

#### BASE UNDÉCIMA: INCIDENCIAS.

1º A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

2º O presente acordo publicarase no Taboleiro de Edictos e na páxina WEB do Concello de Boqueixón [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com).

Boqueixón o día 4 de maio de dous mil dezasete, polo Alcalde Manuel Fernández Munín

Anexo I. TEMARIO

- Listado de parroquias e núcleos do Concello de Boqueixón.
- Coñece Boqueixón: Parroquias.
- Xardinería.

## ANEXO II

b) Declaración responsable de non estar incurso o licitador nas prohibicións para contratar recollidas no artigo 60 do TRLCSP, que comprenderá expresamente a circunstancia de encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. A proba de esta circunstancia poderá facerse por calquera dos medios sinalados no artigo 73 do TRLCSP. Non obstante, os licitadores deberán ter en conta, que en caso de resultar adxudicatarios, deberán acreditar as circunstancias anteriores mediante os certificados oportunos expedidos polo órgano competente, a cuxo efecto concederáselles un prazo de 5 días hábiles.

c) Poder bastante ao efecto a favor das persoas que comparezan ou asinen proposicións en nome de outro. Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito non

Rexistro Mercantil. De tratarse dun poder para acto concreto non é necesaria a inscrición no Rexistro Mercantil, de acordo co art. 94.1.5 do Regulamento do Rexistro Mercantil.

d) Xustificante de estar dado de alta no imposto sobre actividades económicas, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula deste.

e) Os que xustifiquen os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, e que, de xeito preferente:

- Informe das institucións financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos 5 anos que inclúa importe, datas e beneficiarios públicos ou privados dos mesmos.
- Estar en posesión da certificación acreditativa da implantación do sistema de Xestión da Calidade (ISO 9001) en traballos de asistencia técnica e urbanística.
- Estar en posesión da certificación acreditativa da implantación do sistema de Xestión Ambiental (ISO 14001) en traballos de asistencia técnica e urbanística.

f) As empresas estranxeiras aportarán unha declaración expresa de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois en calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, non seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

Incluirase igualmente unha relación de todos os documentos incluídos neste sobre.

Os documentos poderán presentarse orixinais ou mediante copias dos mesmos que teñan carácter de auténticas, conforme á lexislación vixente.

B) De conformidade co establecido no art. 146.4 do TRLCSP, a documentación a que se refire o apartado 1 deste artigo, que se debe presentar no sobre A: “Documentación”, poderá ser substituída por unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas para contratar coa administración, conforme ó modelo que se incorpora como anexo I deste prego.

En tal caso, o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos.

### **Proposición económica. Sobre B.**

A proposición económica formularase conforme ao modelo que a continuación se transcribe. Cada licitador non poderá presentar máis que unha soa proposición. Non poderá subscribir ningunha proposta en agrupación temporal con outras se o fixo individualmente. A contravención deste principio dará lugar automaticamente á desestimación de todas as por el presentadas.

*D. \_\_\_\_\_ con DNI nº \_\_\_\_\_  
con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_ (o  
social si se trata de empresas) en nome (propio ou da empresa que representa, o que*

*acredita na forma prevista no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares) con CIF enterado e de acordo coas condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación por Procedemento Aberto cun único criterio de valoración, do contrato de consultoría e asistencia, consistente no servizo de asistencia técnico-urbanística ao Concello de Boqueixón, comprométese en nome (propio ou da empresa que representa) a realizalo con estrita suxeición aos citados requisitos e condicións pola cantidade que a continuación se indica (expresar claramente, en letra e número a cantidade pola que se compromete o proponente á execución do contrato):*

- |                                      |   |                            |
|--------------------------------------|---|----------------------------|
| ▪ <b>Sen IVE: Cantidade en letra</b> | - | <b>Cantidade en número</b> |
| ▪ <b>IVE: Cantidade en letra</b>     | - | <b>Cantidade en número</b> |
| ▪ <b>Total: Cantidade en letra</b>   | - | <b>Cantidade en número</b> |

*O que subscribe acepta integramente os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas e cantas obrigas se deriven destes, como licitador e como adxudicatario se o fose.*

*(Lugar, data e sinatura do proponente).*

## **8. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS**

Os sobres antes apuntados, deberán ser entregados no Rexistro Xeral do Concello, en horas de oficina (9:00 a 14:30 de luns a venres) durante o prazo de quince días naturais, contados dende o seguinte ó da publicación do anuncio no BOP.

As proposicións tamén poderán presentarse en calquera dos lugares ós que fai referencia o art. 16.4 da lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Cando as proposicións sexan enviadas por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida por o órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo.

En todo caso, non se terán en conta as proposicións que non se reciban no concello dentro dos 10 días naturais seguintes á finalización do prazo de presentación.

## **9. MESA DE CONTRATACIÓN**

A mesa de contratación estará constituída do modo seguinte:

- Presidenta: D.<sup>a</sup> Ana María Seijo Mosquera
- Vogais:
  - D. Jesús José Santasmarinas Devesa
  - D. Alejandro Bermúdez Devesa
  - D.<sup>a</sup> Ana Isabel Alonso Taboada
  - D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Soutullo Carolo
  - D.<sup>a</sup> Elena Suárez Rodríguez, secretaria – interventora do concello de Boqueixón

- Secretaria: D.<sup>a</sup> Adela Lamela Arteaga, responsable do servizo de contratación

No caso de que algún dos membros da mesa non puidese asistir ás reunións desta, serán substituídos polos suplentes que se indican na publicación feita no BOP núm. 15 do 23 de xaneiro de 2017, onde se especifican os membros e suplentes da mesa de contratación.

## **10. APERTURA DE PROPOSICIÓNS**

A apertura de proposicións deberá realizarse pola mesa de contratación no prazo máximo dun mes, desde que remata o prazo de presentación de proposicións. Previamente, a mesa de contratación deberá abrir os sobres A, e cualificar a documentación administrativa das propostas presentadas.

Se fose necesario a mesa concederá un prazo non superior a 3 días hábiles, para que os licitadores poidan corrixir os defectos ou omisións emendables observados na documentación presentada.

A apertura dos sobres B, que conteñen a proposta económica, realizarase en acto público, ó que serán convocados os licitadores a través do perfil do contratante do Concello de Boqueixón.

A mesa de contratación valorará as propostas admitidas á licitación clasificándoas por orde decrecente de valoración e comunicará ó órgano de contratación a proposta de adxudicación a favor da oferta que resulte máis vantaxosa, tal como establece o art. 22 do RD 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente o TRLCSP. Dita proposta non crea dereito ningún a favor do licitador proposto fronte á administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión. (art. 160.2 do TRLCSP)

## **11. CLASIFICACIÓN DE PROPOSICIÓNS**

O órgano de contratación, unha vez clasificadas as propostas, requirirá ó licitador que fixera a proposición máis vantaxosa, para que no prazo de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se compromete a dedicar ou adscribir á execución do contrato e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador requirido retira a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte de acordo coa orde de clasificación das ofertas.

## **12. CLASIFICACIÓN DE PROPOSICIÓNS**

Cando se presuma, de xeito fundamentado que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificaráselle esta circunstancia ós licitadores, para que dentro do prazo máximo de 5 días, xustifiquen ditas ofertas e precisen as condicións da mesma de acordo do art. 152.3 do TRLCSP.

Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta en función da documentación que presente o adxudicatario no trámite de xustificación da oferta, ou na documentación xa presentada, os seguintes:

- Axeitada xustificación dos prezos ofertados
- Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada

A xustificación realizada polos licitadores remitirase ós servizos técnicos correspondentes coa finalidade de que emitan o correspondente informe.

Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal a oferta que se atope nos seguintes supostos:

Número de ofertas: 1 A oferta que sexa inferior ó prezo de licitación en máis de 25 unidades porcentuais

Número de ofertas: 2 A oferta que sexa inferior en 20 unidades porcentuais á outra oferta

Número de ofertas: 3 As ofertas que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis de 10 unidades porcentuais.

Número de ofertas. 4 ou máis. As ofertas que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis de 10 unidades porcentuais, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

### **13. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO**

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco (5) días hábiles seguintes á recepción da documentación presentada polo licitador. En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha proposición que sexa admisible de acordo co establecido no prego.

O acordo de adxudicación deberá ser motivado e notificarse ós licitadores, publicándose simultaneamente no perfil do contratante do concello.

### **14. GARANTÍA DEFINITIVA**

Notificada a adxudicación do contrato, o adxudicatario estará obrigado a constituír, no prazo de dez (10) días hábiles unha fianza definitiva do 5 por 100 (cinco por cento), do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido. A garantía poderá constituírse en calquera a das formas establecidas no art. 96.1 do TRLCSP. A devolución e cancelación das garantías efectuarase de conformidade co disposto nos arts. 102 do TRLCSP e 65.2 e 3 do RXLCAP.

### **15. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

O contrato perfeccionarase mediante a formalización, que se efectuará en documento administrativo dentro do prazo de quince días hábiles a contar desde o seguinte ao da



notificación da adxudicación. O contrato poderá formalizarse en escritura pública se así o solicita o contratista, correndo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

## **16. OBRIGAS DO ADXUDICATARIO**

O contratista está obrigado a:

**1.** Executar o contrato de conformidade co Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas.

**2.** Indemnización de todos os danos e prexuízos que se causen, por si mesmo ou por persoal ou medios dependentes do mesmo, a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde do concello, será responsable o mesmo dentro dos límites sinalados nas leis.

**3.** Pago dos anuncios, no seu caso, e de cantos outros gastos se ocasionen con motivo dos actos preparatorios e de formalización do contrato.

**4.** Todos os gastos de comprobación, dirección, inspección e liquidación dos servizos de asistencia técnico-urbanística serán, así mesmo, por conta do contratista, excepto os gastos polos servizos facultativos reflectidos na ordenanza municipal publicada no BOP núm. 7 do día 11 de xaneiro de 2017.

**5.** O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para o concello ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

**6.** O órgano de contratación adquirirá a propiedade intelectual dos traballos realizados con motivo dos servizos de asistencia técnico-urbanística obxecto do contrato.

O contratista terá a obriga de entregar ao concello todos os datos empregados durante o desenvolvemento dos servizos de asistencia técnico-urbanística obxecto do contrato. Así mesmo, os dereitos de explotación dos traballos obxecto do servizo quedarán en propiedade exclusiva do concello, sen que poidan ser reproducidos total ou parcialmente sen previa e expresa autorización da entidade local.

**7.** O contratista deberá cumprir baixo a súa exclusiva responsabilidade as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo.

**8.** Aboar os impostos, dereitos, taxas, compensacións, prezos públicos e demais gravames e exaccións que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes, con ocasión ou como consecuencia do contrato ou da súa execución.

**9.** Aboar calquera outro gasto que, para a execución do obxecto do contrato, estea incluído no prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

10. O contratista está obrigado ao cumprimento das obrigas laborais, de seguridade e hixiene no traballo, tributarias e coa Seguridade Social, quedando o concello exonerado polo seu incumprimento.

## 17. EXECUCIÓN DOS TRABALLOS

O contrato executarase con suxeición ás cláusulas do mesmo e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista o concello. A data de comezo dos traballos será a do seguinte ao da sinatura do documento de formalización do contrato. En caso de producirse unha suspensión do contrato, estarase ao estipulado no art. 220 do TRLCSP. A execución do contrato realizarase polo contratista coas responsabilidades establecidas no art. 305 do TRLCSP.

O órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, dispoñendo para tal fin das prerrogativas establecidas no art. 307 do TRLCSP.

A recepción realizarase conforme ao disposto nos art. 203 e 204 do RXLCAP.

## 18. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN E XURISDICIÓN

O órgano de contratación, de acordo co establecido no art. 210 do TRLCSP, ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar por razóns de interese público, os contratos e acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados no Texto Refundido da Lei, de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro e polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

## 19. RESPONSABLE DO CONTRATO

O responsable do contrato será o alcalde da corporación. As funcións de inspección e vixilancia, durante a vixencia do contrato, corresponderán ó servizo de contratación.

### ANEXO Nº 1. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

*“D..... Con DNI ..... e domicilio en .....provincia de..... rúa ..... nº..... ( en nome propio ou en representación da empresa.....,CIF ..... con domicilio en .....) á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de servizo de asistencia técnica – urbanística do Concello de Boqueixón*

*DECLARA:*

- *Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, atópanse incurso en suposto algún aos que se refire o artigo 60 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP).*

- *Que nin o asinante da declaración, nin ningún dos administradores ou representantes da entidade á que represento están incursos en causa de incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.*
- *Que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica impostas polas disposicións vixentes.*
- *Que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.*
- *Que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas de alta e pago ou exención do Imposto de Actividades Económicas impostas polas disposicións vixentes, o que xustificará documentalmente no momento en que sexa requirido.*
- *Que a entidade, no seu caso, atópase inscrita no rexistro de licitadores que a continuación se indica (márquese o que corresponda), e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación.*
  - Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (nº \_\_\_\_\_)*
  - Rexistro Xeneral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (nº \_\_\_\_\_)*
- *Que, en relación co establecido no artigo 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil á que represento (consignar o que proceda):*
  - Non pertence a un grupo de empresas nin estar integrada por ningún socio no que conorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.*
  - Pertence ao grupo de empresas ..... ou está integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:*
    - a) .....
    - b) .....

*Así mesmo*

- AUTORIZO ao órgano de contratación a obter os datos que obren en poder da administración que foran necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.*
- COMPROMETOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico: \_\_\_\_\_.*

*En ....., a ..... de ..... de .....*

*O licitador*

*Asdo:.....”*

3. Publicar a licitación no BOP e no perfil do contratista

### **13. Finalización expediente servizo de axuda no fogar e inicio nova contratación do servizo do servizo de axuda no fogar**

Na Xunta de Goberno do día 16 de marzo, aceptouse o recurso que a empresa Zaintzen SAU presentou ante o Tribunal Central de Recursos Contractuais contra da cláusula núm. 4 do prego de cláusulas administrativas que rexían a contratación do servizo de axuda no fogar. Nesa sesión modificouse dita cláusula e así mesmo suspendeuse o procedemento ata a nova publicación, tal e como a recorrente solicitaba no seu escrito.

As modificacións foron comunicadas no mesmo día, tanto ó Tribunal como á empresa Zaintzen, SAU.

O día 25 de abril, o Tribunal de Recursos Contractuais, envía a resolución definitiva do recurso formulado, tendo en conta a contestación enviada por este concello, e non admite, por desaparición da causa que o motivou, o recurso presentado pola empresa, toda vez que foi corrixido o erro por parte desta administración.

Polo tanto, débese comezar unha nova contratación, e ó mesmo tempo archivar o expediente iniciado e suspendido segundo o solicitado no recurso interposto, polo que a Xunta de Goberno acorda:

1 Archivar o expediente de contratación do servizo de axuda no fogar iniciado na Xunta de Goberno do día 16 de febreiro, ó ser suspendido o procedemento a causa dun recurso presentado contra da cláusula 4 do prego e solicitarse dita suspensión por parte de Zaintzen,SAU, empresa recorrente.

2 Iniciar un novo procedemento para a contratación do servizo de axuda no fogar, cuxos pregos son os aprobados na Xunta de Goberno do día 16 de febreiro e modificados na Xunta de Goberno do día 16 de marzo.

3 Publicar os correspondentes anuncios no DOUE, BOE e BOP e conceder un prazo de 40 días naturais para a presentación das correspondentes propostas.

#### **14. Aprobación convenio de colaboración entre os concellos de Boqueixón, Vedra e Vila de Cruces para a realización de proxectos en conxunto**

No DOG do 26 de abril de 2017, saíu publicado a Orde do 11 de abril de 2017, pola que se aprobou as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á xuventude durante o ano 2017, e se procede á súa convocatoria.

O artigo 4 apartado 2 desta Orde, establece que poderán solicitar as axudas que regula esta orde as agrupacións de concellos, estremeiros e/ou dunha mesma comarca que se xunten para os efectos de levaren a cabo unha iniciativa local conxunta.

Neste caso, todos os concellos quedarán obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención.

O período subvencionable abranguerá dende o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2017 e a contía máxima que se concederá será de 22.000 € para o suposto de agrupación de 3 ou mais entidades locais agrupados.

A solicitude poderá formalizala, no caso de agrupación de concellos, o/a representante que se estableza no acordo de cooperación logo da autorización de cada un dos concellos, e a persoa solicitante deberá ser autorizada e designada polo pleno ou xunta de goberno ou por un decreto da alcaldía.

Seguindo o procedemento iniciado a correspondente axuda económica en colaboración entre os concellos de Vila de cruces, Vedra e Boqueixón, neste ano 2017 tramitase conxuntamente a solicitude entre os tres concellos, designando como representantes ao concello de Vedra para a petición da subvención.

Consecuentemente, dentro desta orde de subvención o concello de Boqueixón non asume compromiso económico algún para a execución das actividades, nin se compromete a aportar financiamento.

Por outra banda o concello de Boqueixón será designado como representante da orde de subvencións dirixidas ao programa de mobilidade transnacional xuvenil “Galeuropa” dentro da convocatoria do 2017.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Colaborar conxuntamente cos concellos de Vedra e Vila de Cruces dentro dos programas “Dinamización Xuvenil Val do Ulla 2017” e “ Galeuropa Val do Ulla 2017”.

O concello de Vedra actuará como solicitante e coordinador do programa “Dinamización Xuvenil Val do Ulla 2017”.

O concello de Boqueixón actuará como solicitante e coordinador do programa “ Galeuropa Val do Ulla 2017”.

2. Designar e autorizar ao concello de Vedra para que actúe como representante do concello de Boqueixón para a petición da subvención e encomendarlle a facultade de contratación dos servizos necesarios para a execución destas actividades.

3. Designar e autorizar ao concello de Boqueixón para que actúe como representante dos concellos de Vedra e Vila de Cruces para a petición da subvención.

4. Notificar esta resolución ao concello de Vedra e Vila de Cruces.

5. Aprobar o seguinte convenio de colaboración entre os concellos de Vedra, Boqueixón e Vila de Cruces:

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE VEDRA, BOQUEIXÓN E VILA DE CRUCES EN MATERIA DE XUVENTUDE**

4 de maio de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, don Carlos Martínez Carrillo, alcalde de Vedra (A Coruña)  
Doutra parte, don Manuel Fernandez Munín alcalde de Boqueixón (A Coruña) e  
Doutra parte, don Jesús Otero Varela, alcalde de Vila de Cruces (Pontevedra)

En nome e representación dos referidos concellos, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local e o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración de Galicia.

As tres partes, no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecen capacidade para convir e obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e ó efecto,

#### EXPOÑEN:

1.- Que estes tres concellos, xeograficamente limítrofes, veñen desenvolvendo, no marco da lexislación que lle é aplicable, as competencias que lle son recoñecidas en materia de Xuventude.

2.- Que co fin de propiciar unha maior incidencia social en materia de xuventude faise necesario establecer fórmulas de colaboración con outros organismos que permitan dotalos de máis medios, ampliación e mellora da calidade dos servizos prestados, así como actividades que na actualidade son imprescindibles para a comunidade veciñal.

3.- Que para acadar estes fins entenden as entidades asinantes que o emprego dos recursos deben facerse dende unha acción coordinada e complementaria, posto que a prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalacións, como de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais de cara a un mellor aproveitamento de recursos.

4.- Para lograr unha verdadeira participación da xuventude nos diferentes ámbitos da sociedade actual é fundamental promover actuacións e canles dirixidas a garantir o acceso a unha información ampla e actualizada dirixida á xuventude e facilitar o acceso á mocidade a utilización das novas tecnoloxías. Igualmente, considérase necesario apoiar os concellos nas actuacións que leven a cabo no campo da potenciación da asociacionismo xuvenil e a utilización adecuada do tempo de lecer, así como actividades cun claro compoñente formativo.

5.- En consecuencia e co fin de acadar a máxima rendabilidade social e unha adecuada aplicación dos recursos, ambas partes manifestan a súa vontade de formalizar o presente convenio de colaboración segundo as seguintes cláusulas:

#### CLÁUSULAS

##### PRIMERA.- Obxecto

É obxecto do presente acordo regular a colaboración entre os concellos de Vedra, Boqueixón e Vila de Cruces, no desenvolvemento de actividades, programas, servizos e proxectos en materia de Xuventude nos seus termos municipais.

A tal efecto elaborárase una programación conxunta a desenvolver nos tres concellos.

##### SEGUNDA.- Obxectivos

- A elaboración e xestión de proxectos relacionados con:  
Iniciativas locais dirixidas á xuventude (Dinamización Xuvenil Val do Ulla)  
mobilidade transnacional xuvenil (Galeuropa)
- Potenciar a información xuvenil a través dos servizos municipais de información xuvenil integrados na Rede galega de información xuvenil
- Fomentar as actividades de educación non formal dirixidas á mocidade e a participación xuvenil
- Solicitude de axudas que poidan seren convocadas a través das distintas administracións en materia de Xuventude, quedando os concellos asinantes obrigados ó cumprimento das obrigas que se deriven da concesión de ditas subvencións.

#### TERCEIRA.- Ámbito de aplicación

As devanditas accións abrangerán o ámbito territorial dos concellos de Vedra, Boqueixón e Vila de Cruces.

#### CUARTA.- Xestión administrativa dos servizos.

O concello de Vedra actuará como solicitante e coordinador do programa “Dinamización Xuvenil Val do Ulla 2017.

O concello de Boqueixón actuará como solicitante e coordinador do programa “Galeuropa Val do Ulla 2017”

#### QUINTA.- Vixencia.

O presente convenio terá vixencia dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017 e aplicaranse as cláusulas pactadas ás subvencións ou axudas económicas que puidesen ser concedidas con cargo ás partidas orzamentarias municipais do exercicio 2017.

#### SEXTA.- Obrigas das partes.

1.- Os tres concellos, ademais de cumprir as obrigas establecidas pola normativa aplicable con carácter xeral ás axudas e subvencións públicas, deberán realizar as actividades acordadas conxuntamente para o desenvolvemento dos diferentes programas.

2.- Nos caso de subvencións ás que os concellos concorran conxuntamente, o Concello asignado a cada orde de subvención figurará e actuará en representación desta agrupación a efectos de envío e recepción de documentación, xestións ordinarias relacionadas coa solicitude, xustificación e todo tipo de tramitacións coas administracións pertinentes, así como de satisfacer as obrigas económicas que deriven do funcionamento do proxecto subvencionado, dación de contas ante os organismos correspondentes, incluído o Consello de Contas. Estes concellos tamén se someterán ás actuacións de comprobación dos órganos correspondentes en cada caso así como a realización das actividades ou cumprimentos da finalidade para o que foi concedida a subvención ou axuda económica.

3.- O concello nos que se radiquen as actividades a desenvolver, acondicionarán e dotarán as instalacións de xeito que reúnan as condicións de seguridade que permitan o normal desenvolvemento das actividades desde o inicio do proxecto.

#### SÉTIMA.- Financiamento dos programas

Os concellos comprométense a realizar e garantir un esforzo investidor no financiamento total do proxecto, acordes ás partidas orzamentarias municipais do exercicio correspondente ao ano 2017 e ós requisitos esixidos en cada una das ordes de solicitudes.

OITAVA.- Extinción do convenio.

Será causa de extinción do convenio o incumprimento por calquera das partes asinantes de calquera das cláusulas que se reflicten no convenio.

NOVENA.- Xurisdición e normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación das obrigas derivadas deste convenio resolveranse por vía administrativa ou no seu caso, mediante xurisdición contencioso administrativa.

En proba de conformidade co contido do presente convenio de colaboración, asinan e rubrican na data e lugar sinalados, as persoas que ostentan a representación destas tres institucións.

O alcalde de Vedra                      O alcalde de Vila de Cruces    O alcalde de Boqueixón

D.Carlos Carrillo Martínez    D. Jesús Otero Varela    D. Manuel Fernández Munín

**15. Rogos e Preguntas**

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria interventora

Visto e praxe  
O alcalde